

2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Na síndrome de Prader-Willi, sinala a resposta correcta:

- A) A fala é rápida.
- B) As funcións oromotrices, o ton e a resonancia non están alterados.
- C) O léxico é deficitario.
- D) Hai presenza de ecolalias.

2. En relación co consentimento informado, sinala a resposta correcta:

- A) Como regra xeral será por escrito.
- B) Será verbal nos casos de intervención cirúrxica.
- C) É un dereito do paciente.
- D) Pode revogarse, pero non en calquera momento.

3. Que factores inflúen na calidade da voz esofáxica dunha persoa con larinxectomía total?

- A) A voz rumoreada.
- B) A presenza de sopro traqueal parasito.
- C) O ruído de entrada de aire no esófago.
- D) As respostas b e c son correctas.

4. Cal das seguintes NON se considera unha disfonía orgánica?

- A) Larinxite traumática por abuso.
- B) Laringomalacia.
- C) Sulcus.
- D) Pólipo vocal.

5. As disfluencias atípicas caracterízanse por episodios como:

- A) Repeticións de palabras, vacilacións, interxeccións, retrousos ou reformulacións que se dan sen tensión ou esforzo.
- B) Unha ou dúas repeticións de toda a palabra ou frase.
- C) Velocidade lenta da fala.
- D) Bloqueos ou interrupcións do fluxo do aire na fala.

6. En canto ao desenvolvemento do pensamento e a linguaxe, para Bruner:

- A) O pensamento aparece posterior ao desenvolvemento da función simbólica, onde o neno integra novos obxectos e/ou situacións mediante a asimilación.
- B) O pensamento de neno desenvólvese gracias á interacción social e co medio que o rodea.
- C) A linguaxe é o axente do desenvolvemento cognitivo e é necesario un nivel mínimo de desenvolvemento mental previo á linguaxe.
- D) O pensamento está regulado pola linguaxe, sendo esta un medio e unha fonte de xeralización do pensamento.

7. Na rehabilitación dun neno con implante coclear debemos ter en conta os aspectos suprasegmentais da linguaxe, é dicir:

- A) Modo de articulación, sonoridade e punto de articulación das consoantes.
- B) Acento, entoación e ritmo da fala.
- C) Fonemas, lexemas e morfemas que compoñen as palabras.
- D) Modo de articulación, sonoridade e punto de articulación das vogais.

8. Cal é o índice de Swaroop-Uemura?

- A) (Número de mortes en persoas maiores de 50 anos/número de mortes anuais) x 100.
- B) (Número de mortes en persoas maiores de 50 anos/número de mortes anuais) x 1000.
- C) (Número de mortes en persoas maiores de 60 anos/número de mortes anuais) x 100.
- D) (Número de mortes en persoas menores de 60 anos/número de mortes anuais) x 1000.

9. En cal das seguintes probas do exame neurofisiolóxico da disartria estase a explorar o XII par cranial ou nervio hipogloso?

- A) Na mímica facial en repouso.
- B) No test de ancoraxe lingual modificado para observar a simetría do arco palatal.
- C) Na palpación dos maseteres.
- D) Na taxa de movementos alternantes linguais.

10. Na abordaxe da comunicación das persoas con xordocegueira atopámonos coas seguintes limitacións:

- A) A persoa céntrase nas súas propias sensacións corporais.
- B) Cada signo ten que ser negociado a partir dunha experiencia compartida.
- C) Aumentar o vocabulario resulta un proceso longo.
- D) Todas as respostas son correctas.

11. De que depende o padrón de peche das cordas vocais?

- A) Da presión supraglótica e da condición mucosa e muscular das cordas vocais.
- B) Da presión subglótica e da condición mucosa e muscular das cordas vocais.
- C) Da tensión glótica e da condición mucosa e muscular das cordas vocais.
- D) Da condición mucosa e muscular das cordas vocais.

12. Respecto aos criterios de exclusión para o diagnóstico do Trastorno do Desenvolvemento da Linguaxe (TDL) o Consorcio CATALISE (Bishop et al., 2017) propón que:

- A) Requírese unha discrepancia entre o nivel lingüístico e o cociente intelectual non verbal.
- B) O cociente intelectual non verbal mínimo avaliado con test estandarizados establécese nunha puntuación de 70.
- C) Establécese como punto de corte que os nenos presenten $-1,25$ ou $-1,5$ desviacións típicas por baixo da media en escalas estandarizadas de avaliación da linguaxe.
- D) O trastorno de linguaxe deber ser grave e persistente pero non afectar ao desenvolvemento social e/ou escolar.

13. Que técnica ten como obxectivo facilitar a evocación da información incrementando progresivamente os intervalos de tempo entre a presentación dun material e a resposta posterior que se pretende evocar?

- A) O esvaecemento de claves.
- B) A aprendizaxe sen erros.
- C) A recuperación espaciada.
- D) A estratexia semántica.

14. No cerebro, onde se atopan os principais compoñentes da linguaxe?

- A) Nos ganglios basais.
- B) Na rexión orbitofrontal do hemisferio dominante.
- C) Na zona perisilviana do hemisferio dominante.
- D) No cerebelo.

15. En relación ó uso dos espesantes con pacientes con disfagia, é certo que:

- A) Os líquidos máis espesos deixan menos residuo farínxeo nos pacientes con disfagia.
- B) Os líquidos espesados con amidón reteñen a consistencia prescrita mellor cando entran en contacto coa saliva humana que os espesados con goma xantana.
- C) A restrición dun tipo de consistencia só debe realizarse cando non hai outra opción de tratamento.
- D) O uso de espesantes sempre implica unha mellora no estado de hidratación do paciente.

16. Que tipo de afasia se caracteriza por unha linguaxe espontánea relativamente fluída (pero parafásica), boa comprensión e alteracións importantes na repetición?

- A) Afasia de Broca.
- B) Afasia de conducción.
- C) Afasia de Wernicke.
- D) Afasia talámica.

17. Cal dos seguintes achados en nenos podería considerarse coma un signo de patoloxía do sistema nervioso central?

- A) Aos 7 meses presenta reflexo tónico asimétrico.
- B) Aos 5 meses non se mantén sentado de forma estable sen apoios.
- C) Aos 3 meses non mantén as mans xuntas na liña media.
- D) Aos 2 meses non ten control cefálico.

18. En relación ás exploracións instrumentais na disfagia, cal delas nos permite detectar aspiracións basais das secrecións do paciente e determinar como manexa o paciente as súas propias secrecións?

- A) A videofluoroscopia da deglutición.
- B) A fibroendoscopia da deglutición.
- C) A manometría faringoesofáxica.
- D) A esofagoscopia transnasal.

19. Cales das seguintes características son aplicables ao paquete ofimático LibreOffice?

- A) É de código aberto, multiplataforma, con soporte extensivo de idiomas e de pago.
- B) É de código aberto, multiplataforma, con soporte extensivo de idiomas e gratuíto.
- C) É de código aberto, só está dispoñible en Windows e Linux e é gratuíto.
- D) É multiplataforma, gratuíto e está dispoñible exclusivamente en castelán e inglés.

20. Que afirmación é correcta no contorno do concepto actual de dislexia?

- A) É un trastorno de natureza lingüística e base fonolóxica.
- B) É un trastorno no procesamento temporal da información.
- C) É un trastorno no procesamento rápido e serial de estímulos visuais.
- D) É un trastorno no procesamento auditivo.

21. Cal dos seguintes test avalía o nivel de vocabulario receptivo e fai unha detección rápida de dificultades ou screening da aptitude verbal?

- A) TSA.
- B) ELA-R.
- C) BATTELLE.
- D) PEABODY.

22. En canto ao desenvolvemento auditivo, sinale a opción correcta:

- A) A capacidade para localizar sons está presente aos 6 meses de vida e mellora ata os 18 meses.
- B) A partir dos 6-7 meses o bebé deixa de distinguir entre as distintas entoacións do adulto.
- C) Os bebés de 3 meses teñen a mesma capacidade que os adultos para diferenciar un determinado ton nun ambiente de ruído de fondo.
- D) A mielinización da vía auditiva pretalámica finaliza no terceiro ano de vida postnatal.

23. Cal das seguintes afirmacións en relación ao tratamento da disartria é certa?

- A) Existe evidencia de que o incremento da forza do veo do padal a través de movementos non verbais reduce a hipernasalidade.
- B) A diminución da velocidade da fala favorece o percorrido muscular máximo dos movementos para a produción da fala, mellorando a precisión articulatória.
- C) Os exercicios isotónicos orofaciais son aqueles nos que se aplica ao músculo unha resistencia fixa no tempo, sen ningún tipo de percorrido muscular.
- D) A técnica do incremento do esforzo fisiolóxico da articulación non se indica en casos de hipotonía.

24. Cal é unha proba para o cribado da afasia?

- A) Token Test.
- B) Test de Boston.
- C) MAST.
- D) EPLA.

25. Respecto aos tipos fonatorios, sinala a opción INCORRECTA:

- A) No rexistro modal, a vibración cordal é regular e periódica, e as cordas vocais se aducen ao longo de toda a súa lonxitude.
- B) O murmurio caracterízase por apertura triangular da glote cartilaxinosa e por non haber vibración cordal.
- C) A voz soprada caracterízase por vibración irregular das cordas vocais en modal ou en falsete, con tensión adutiva e medial alta.
- D) No vocal fry, as pregaduras vocais están laxas e compactas pola baixa tensión lonxitudinal e vibran lento e irregular.

26. Cal das seguintes opcións é unha causa de disglosia maxilofacial?

- A) Freo lingual alterado.
- B) Proxenie.
- C) Axenesias dentais.
- D) Anquiloglosia.

27. Como podemos aumentar a adherencia terapéutica do paciente ao noso tratamento?

- A) Promovendo a relación profesional-paciente, ofrecendo información e formación a pacientes e persoas cuidadoras, e incentivando ao paciente.
- B) Establecendo o noso rol de autoridade sanitaria competente.
- C) Mostrándonos inflexibles ante as demandas inoportunas do noso paciente.
- D) Todas son verdadeiras.

28. Cal NON é un obxectivo específico do programa galego para a detección da xordeira en período neonatal?

- A) Mellorar a capacidade de comunicación dos nenos nados con hipoacusia moderada, severa ou profunda para equiparalos aos normoíntes.
- B) Asegurar o acceso á proba de cribado a todos os nenos nados en Galicia.
- C) Garantir o inicio do tratamento, antes dos seis meses de idade, en máis do 95% dos nenos derivados a unidades de diagnóstico e tratamento.
- D) Desenvolver un adecuado sistema de información do programa.

29. Segundo o Documento do perfil profesional do logopeda, elaborado polo Consello Xeral de Colexios de Logopedas, as alteracións que tratan os logopedas pódense ver nas seguintes áreas. Sinala a INCORRECTA:

- A) Área da fala.
- B) Área da respiración.
- C) Área da alimentación.
- D) Área da cognición.

30. En relación á apraxia da fala, é certo que:

- A) Sempre correlaciona con apraxia bucofacial.
- B) Só se manifesta nas persoas con afasia de Broca.
- C) Caracterízase por afectar unicamente á articulación da fala.
- D) No seu tratamento abórdanse aspectos segmentais e suprasegmentais da fala.

31. Segundo Monfort e Juárez (2018), debemos falar de dislalia a partir dos:

- A) 3 anos.
- B) 4 anos.
- C) 5 anos.
- D) 6 anos.

32. En relación ao Sistema Pictográfico de Comunicación (SPC), sinala a resposta correcta:

- A) Os símbolos pictográficos organízanse en 3 categorías.
- B) Está indicado para persoas cun nivel de linguaxe expresivo bo.
- C) Pódense levar a cabo frases con estruturas sinxelas (suxeito-verbo-predicado).
- D) Está formado por 100 signos básicos.

33. Indica a opción verdadeira en canto ao uso de prótese fonatoria nunha persoa con larinxectomía total:

- A) Non require intervención cirúrxica.
- B) Permite obter unha voz moi parecida á de antes da larinxectomía.
- C) Non require medidas de hixiene excepcionais nin presenta complicacións.
- D) O proceso de aprendizaxe é moi similar ao da voz esofáxica.

34. A etapa da linguaxe na que comezan a desenvolverse condutas de comunicación social e que se caracteriza principalmente por vocalizacións e unha comunicación de tipo xestual, denomínase:

- A) Etapa protoimperativa.
- B) Etapa prelingüística.
- C) Etapa verbo-xestual.
- D) Etapa socio-comunicativa.

35. Sinala a afirmación correcta respecto ao oído interno:

- A) As células ciliadas internas están situadas no lado externo do túnel de Corti.
- B) As frecuencias agudas codifícanse preto da base coclear da membrana basilar e as graves na zona máis apical.
- C) O órgano de Corti relaciónase anatomicamente coa cavidade do oído medio mediante dous orificios: a ventana oval e a ventana redonda.
- D) As células ciliadas externas e internas son células de soporte.

36. Respecto dos Sistemas Alternativos e Aumentativos de Comunicación (SAAC), sinala a resposta correcta:

- A) Son incompatibles á rehabilitación da fala natural.
- B) Non deben introducirse antes dos 5 anos.
- C) Os SAAC son o último recurso da intervención.
- D) Non hai prerequisites para o uso dun SAAC.

37. Acosta e Moreno (2001) consideran que o compoñente semántico da linguaxe:

- A) Ocúpase das regras que interveñen na formación das palabras e das posibles combinacións que estas poidan ter no interior das diferentes secuencias oracionais nas que se estrutura unha lingua.
- B) É o estudo da linguaxe en contextos sociais.
- C) Estuda o significado dos signos lingüísticos e as súas posibles combinacións nos diferentes niveis (palabras, frases, enunciados e discurso) de organización do sistema lingüístico.
- D) Estuda os sons da expresión lingüística dunha lingua determinada desde un punto de vista funcional e abstracto.

38. En relación ás probas de cribado da disfaxia, é certo que:

- A) Permiten saber que técnicas de tratamento da disfaxia son as máis adecuadas para o paciente.
- B) Son procedementos diagnósticos.
- C) Identifican as causas subxacentes á disfaxia.
- D) Non teñen unha alta especificidade.

39. A alteración da función velofarínxea causa:

- A) Hipernasalidade.
- B) Hiponasalidade.
- C) A fala obsérvase entrecortada.
- D) Disfonía.

40. Que enfoque pon énfase na comprensión dos fenómenos lingüísticos como actos comunicativos, sendo o uso da linguaxe unha das dimensións máis relevantes para comprender a adquisición e desenvolvemento da comunicación?

- A) O enfoque condutista.
- B) O enfoque cognitivista.
- C) O enfoque interaccionista.
- D) O enfoque pragmático.

41. En relación ás publicacións científicas, é certo que:

- A) Os prexuízos das persoas investigadoras nunca afectan ao proceso de investigación nin á súa comunicación.
- B) O feito de que a investigación publicada utilice un deseño experimental constitúe garantía da súa validez científica.
- C) É máis apropiado atender á relevancia clínica dos resultados que á súa significación estatística.
- D) Para actualizarse, é preferible acudir a artigos de revisión que a artigos orixinais.

42. Como se chama a transmisión de enfermidades infecciosas a través de obxectos ou superficies?

- A) Transmisión por aire.
- B) Transmisión por fomites.
- C) Transmisión por vectores.
- D) Transmisión directa.

43. En cal das variantes de Afasia Progresiva Primaria (APP) se atopa preservada a capacidade de repetición?

- A) APP logopénica.
- B) APP agramatical.
- C) APP semántica.
- D) Ningunha resposta é correcta.

44. Cal das seguintes afirmacións describe un audífono de tipo RITE?

- A) Permite ser adaptado detrás do pavillón auditivo e canaliza o son ao CAE mediante un tubo cun molde axustado a medida.
- B) Permite ser adaptado detrás do pavillón auditivo e canaliza o son ao CAE mediante un auricular que se aloxa dentro do mesmo.
- C) Permite ser adaptado detrás do pavillón auditivo e canaliza o son ao CAE mediante un tubo fino, permitindo que non quede ocluído.
- D) Permite ser adaptado dentro do CAE e canaliza o son directamente ao tímpano.

45. Sinala a afirmación INCORRECTA respecto aos elementos de priorización en saúde pública:

- A) A vulnerabilidade fai referencia á solución do problema de saúde.
- B) A transcendencia vén determinada pola severidade e o impacto social do problema de saúde.
- C) A prevalencia refírese á aparición dun problema de saúde, refírese a todos os casos novos.
- D) A magnitude está determinada pola gravidade, a frecuencia e a evolución no tempo dun problema de saúde.

46. Respecto ao uso das TIC dentro do ámbito sanitario, sinala a resposta FALSA:

- A) Achegan unha resposta en canto á viabilidade dun tratamento e a avaliación continuada no tempo.
- B) Son ferramentas que pretenden ser accesibles para todas as persoas.
- C) Son ferramentas seguras e fiables para o manexo e coidado da saúde, non precisando de regulación específica.
- D) Permiten a mellora da comunicación entre profesionais e pacientes, ou entre os propios profesionais ou pacientes.

47. Cal das seguintes técnicas se emprega para o adestramento en habilidades sociais con nenos con Trastorno do Espectro Autista?

- A) Terapia de entoación melódica.
- B) Recoñecemento de expresións faciais.
- C) PECS.
- D) Programa Benson Schaeffer.

48. En relación á ferramenta de traballo de grupo coñecida como tormenta de ideas ou "brainstorming", sinala a resposta correcta:

- A) Todas as ideas soméntese a votación.
- B) Non importa a cantidade senón a calidade das ideas propostas.
- C) Non se debe criticar ningunha idea.
- D) Evítase a influencia duns membros sobre os outros.

49. A mastigación fisiolóxica NON se caracteriza por:

- A) Corte dos alimentos polos molares.
- B) Predominio de movementos mandibulares rotatorios.
- C) Alternancia de lado nos ciclos mastigatorios.
- D) Oclusión labial.

50. Cal das seguintes opcións se corresponde cun cuestionario para a detección do autismo nos nenos pequenos?

- A) ADI-R.
- B) ADOS-2.
- C) M-CHAT.
- D) ACACIA.

51. Desde a Lingüística Clínica Funcional, a aproximación ao coñecemento dos compoñentes clásicos da linguaxe (fonético–fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico) faise desde unha perspectiva pragmática na que se distinguen, á súa vez, tres niveis de análise:

- A) Enunciativo, textual e interactivo.
- B) Conversacional, dinámico e textual.
- C) Receptivo, expresivo e interactivo.
- D) Receptivo, interactivo e cohesivo.

52. Na Deterioración cognitiva leve (DCL) resultan eficaces as seguintes estratexias de intervención:

- A) A aprendizaxe sen erro e as estratexias semánticas.
- B) A aprendizaxe ensaio–erro e a visualización.
- C) O esvaecemento de claves e a lectura guiada.
- D) A recuperación espaciada e a lectura en voz alta.

53. Que Sistema Alternativo e Aumentativo de Comunicación (SAAC) corresponde a un sistema logográfico?

- A) Sistema Bimodal.
- B) Lingua de Signos.
- C) Sistema Bliss.
- D) Sistema Pictográfico de Comunicación (SPC).

54. Cal dos seguintes NON é un principio da Terapia Auditivo–Verbal?

- A) Axudar aos nenos a integrar a audición no desenvolvemento das súas habilidades comunicativas e sociais.
- B) Apoiar o desenvolvemento auditivo–verbal dos nenos a través do ensino individual.
- C) Guiar, aconsellar e apoiar aos pais e coidadores como os modelos primarios da linguaxe falada a través da audición.
- D) Aplicar o programa de Terapia Auditivo–Verbal seguindo estritamente cada un dos seus pasos, ata completalos e realizar a avaliación final.

55. Cando un neno comeza a utilizar as súas emisións comunicativas para relacionarse cos demais, débese ao desenvolvemento de que modelo:

- A) Heurístico.
- B) Instrumental.
- C) Regulador.
- D) Interactivo.

56. Na intervención directa con Daniel, que ten 8 anos e tartamudea, sinala a resposta correcta:

- A) Debemos ensinarlle o uso de retrousos para non tartamudear.
- B) Indicarlle que pense o que vai dicir antes de falar.
- C) Modificar o patrón da fala na súa velocidade e tensión.
- D) Aumentar a lonxitude das frases, xa que deste xeito a probabilidade de que apareza a tartamudez é menor.

57. Os programas de detección precoz de Galicia (cancro de cérvix, hipoacusia neonatal, cancro de mama, cancro colorrectal e enfermidades endocrinas e metabólicas en período neonatal) son accións:

- A) De protección da saúde.
- B) De incremento da saúde.
- C) De promoción de estilos de vida.
- D) De prevención de enfermidades específicas.

58. Unha paciente con Esclerose Lateral Amiotrófica de tipo bulbar presenta atrofia muscular e fasciculacións linguais, así como debilidade buco–linguo–facial e imprecisión articulatoria. Que tipo de disartria presenta esta paciente?

- A) Disartria atáxica.
- B) Disartria hipocinética.
- C) Disartria espástica.
- D) Disartria fláccida.

59. Na exploración neurofisiolóxica dun paciente con disartria post–ictus evidénciase unha redución no recorrido muscular dos cigomáticos e o depresor do labio inferior, así como unha desviación lingual en proxección. En que pares craneais existe afectación?

- A) No VII e no X.
- B) No V e no X.
- C) No VII e no XII.
- D) No V e no XII.

60. Un neno coa síndrome de Angelman usa un programa de comunicación no que se presenta a fala acompañada dun signo, séguese a estrutura da lingua oral e complementáanse algunhas palabras cos signos correspondentes. A que SAAC se corresponde?

- A) Palabra complementada.
- B) Lingua de Signos.
- C) Sistema Bliss.
- D) Comunicación Total de Benson Schaeffer.

61. Que tipo de erro lingüístico é predicible nunha nena de idade infantil que presenta unha importante restrición no vocabulario?

- A) Sobrerregularización.
- B) Sobreextensión.
- C) Agramatismo.
- D) Asimilación.

62. Cal NON se consideraría un factor de risco de atraso da linguaxe nun neno de 5 anos?

- A) Construír frases moi curtas.
- B) Que a súa linguaxe dificulte a relación cos seus compañeiros.
- C) Facerse entender con poucas palabras que lle serven para denominar todo.
- D) Ser capaz de repetir unha frase.

63. Un bebé de 10 meses estende o brazo cara a un xoguete para pedilo, mirando á súa nai. Esta acción coñécese como:

- A) Protodeclarativo.
- B) Protoimperativo.
- C) Protopalabra.
- D) Pseudopalabra.

64. No proceso de ensinar a un neno con xordocegueira a pasar dos signos naturais negociados aos signos convencionais, cal é a opción correcta?

- A) A logopeda responde ao signo negociado que emite o neno á vez que ela presenta o signo convencional.
- B) A logopeda evita que o neno modele o signo natural.
- C) A logopeda non intervéen na produción do signo convencional.
- D) A logopeda non responde ao signo natural que emite o neno.

65. Que programa empregaremos para crear un documento que permita levar un rexistro de pacientes?

- A) LibreOffice Writer.
- B) LibreOffice Calc.
- C) LibreOffice Impress.
- D) LibreOffice Draw.

66. O resultado da PCR de SARS-CoV-2 de Clara foi positivo. Como medida preventiva e control da enfermidade infecciosa indicáronlle illamento domiciliario. Sinala a resposta correcta:

- A) É unha medida que se toma fronte ao axente causal.
- B) É unha medida de saneamento ambiental.
- C) Non se trata de ningunha medida preventiva.
- D) É unha medida sobre a fonte de infección.

67. Nunha sesión de traballo cun neno implantado bilateralmente prodúcese o seguinte diálogo:

Logopeda: onde están os gatiños?

Neno: (sinala o debuxo cun gatiño).

Logopeda: ese é un gatiño, pero eu quero saber onde están ossss gatiñossss.

Neno: (sinala a imaxe con varios gatiños).

Que técnica se empregou?

- A) Limitación do formato.
- B) Realce acústico.
- C) Palabra clave.
- D) Reforzo.

68. O persoal médico infórmame que un paciente hospitalizado atópase nestes momentos nunha situación de limitación de esforzo terapéutico. Debo entender que:

- A) Aplicaráselle un tratamento terapéutico desproporcionado que prolonga a agonía do enfermo.
- B) Retíranse ou non se inician medidas terapéuticas na situación concreta do paciente.
- C) Váiselle administrar unha sedación paliativa.
- D) É unha decisión que tomou o paciente.

69. Carlos, de 17 meses, di “guau” cada vez que ve un animal, isto é un exemplo de:

- A) Expansión lingüística.
- B) Sobreextensión.
- C) Infraextensión.
- D) Asimilación.

70. Mateo ten 4 anos e presenta unha deglutición atípica, que indicación daremos?

- A) Aconsellar o uso de chupete prolongado.
- B) Hixiene nasal e ensinarlle a soar o nariz.
- C) A lactación artificial axuda á súa prevención.
- D) Prohibiremos de xeito abrupto os hábitos disfuncionais.

71. Con Fátima imos utilizar exercicios de tracto vocal semiocluído (TVSO) durante a nosa sesión de logopedia, cal dos seguintes teremos que descartar?

- A) Emisión de escalas ascendentes e descendentes con vogal /a/.
- B) Emisión de vogal /u/ a través de tubo tipo Lax Vox.
- C) Emisión de vogal /i/, colocando a man diante da boca.
- D) Exercicio de Finger Kazoo.

72. Que equipo ou sistema permite medir obxectivamente a forza e resistencia muscular da lingua e beizos?

- A) VitalStim.
- B) IOPI.
- C) EMST.
- D) TENS.

73. Unha muller de 45 anos acode á consulta por queixas subxectivas de memoria e problemas na linguaxe, diagnosticada de Afasia Progresiva Primaria (APP) desde hai 2 anos. A exploración reflicte evidente deterioración na fluencia verbal categorial, aínda que cunha boa capacidade de comprensión, conversación e rendemento dentro da normalidade no test de cribado cognitivo. Neste caso a intervención logopédica dirixirase fundamentalmente a:

- A) Mellorar a anomia.
- B) Mellorar o discurso narrativo e conversacional.
- C) Mellorar a comprensión de estruturas sintácticas complexas.
- D) Previr alteracións na prosodia.

74. David e Carlos, dous nenos con Trastorno do Espectro Autista, están a falar entre eles e observo que David interrompe sempre a Carlos cando este está a falar. En que habilidade social mostra dificultades David?

- A) Na asertividade.
- B) Na capacidade de definir un problema e avaliar solucións.
- C) Na capacidade de escoita.
- D) Na capacidade de negociación.

75. Unha nena ou un neno que aos 24 meses de idade non produce enunciados de dúas palabras:

- A) Presenta un sinal de alarma en atraso de fala.
- B) Presenta un sinal de alarma en dificultade da linguaxe.
- C) Non presenta ningún sinal de alarma.
- D) Presenta un sinal de alarma en trastorno específico da aprendizaxe con dificultade na lectura.

76. Se nunha tarefa de repetición un paciente con afasia produce "efefante" en lugar de "elefante", estamos ante:

- A) Un neoloxismo.
- B) Unha parafasia verbal.
- C) Unha parafasia semántica.
- D) Unha parafasia fonémica.

77. Quero estimular o reflexo de deglución dun paciente con disfasia. Cal das seguintes técnicas está indicada para iso?

- A) Aumento do volume do bolo.
- B) Vocalizacións con /k/.
- C) Manobra de Mendelsohn.
- D) Presión lingual contra o padal.

78. Estou valorando a mobilidade lingual dun paciente e observo que o paciente ten dificultades para mobilizar a lingua cara atrás e cara arriba, que músculo extrínseco da lingua está afectado?

- A) O músculo xeniogloso.
- B) O músculo hiogloso.
- C) O músculo estilogloso.
- D) O músculo milohioideo.

79. Debemos implementar un sistema alternativo de comunicación para un paciente con Esclerose Lateral Amiotrófica, con fala inintelixible, ton baixo e que amosa limitación total a nivel motor das extremidades. Cal dos seguintes sería o SAC indicado?

- A) Bimodal.
- B) Comunicador con acceso mediante ollada.
- C) Comunicador con acceso mediante pantalla táctil.
- D) Dactilolóxico.

80. Que método de voz esofáxica está a empregarse cando se lle indica a un paciente con larinxectomía total que utilice consoantes bilabiais oclusivas apicais ou fricativas para inxectar aire dentro do esófago?

- A) Método Holandés.
- B) Método de Sheeman.
- C) Método de presión glosofarínxeo.
- D) Método de Gutzmann.

81. Seguindo a clasificación que se propón no test TALE, que tipo de erro de descodificación está a cometer un neno que le "eyuda dastante" en lugar de "ayuda bastante"?

- A) Adición.
- B) Inversión.
- C) Omisión.
- D) Rotación.

82. Cales serán as alteracións articulatorias principais nun neno con fisura do beizo?

- A) Vogais /o/ /u/ e consoantes /p/ /b/ /m/.
- B) Fonemas /t/ /d/ /n/ /l/ /s/.
- C) Fonemas /l/ /r/ (vibrante simple e múltiple).
- D) Fonemas /n/ /ñ/.

83. Cando un paciente con larinxectomía total nos indica que presenta fuga a través da prótese fonatoria indicaráselle:

- A) Cepillado e enxaugue da prótese con auga morna para eliminar posibles obstrucións de alimento ou mucosidade.
- B) Deter temporalmente a fuga ata que poida cambiarse a prótese, usando un tapón específico.
- C) Virar coidadosamente a prótese un par de veces para desaloxar posibles residuos.
- D) Todas son correctas.

84. Quero avaliar a conversa entre o meu paciente con afasia e o seu familiar, cal dos seguintes instrumentos de exploración utilizo?

- A) O Protocolo Rápido de Avaliación Pragmática (PREP-R).
- B) O Perfil de Análise Conversacional para Persoas con Afasia (CAPPA).
- C) O Scenario Test.
- D) O Test-Barcelona 2.

85. Unha paciente, tras sufrir un ictus, presenta unha fala lenta, con presenza de substitucións, omisións e distorsións de sons da fala, así como disprosodia. Tendo en conta a semioloxía exposta, que trastorno presenta?

- A) Afasia motora.
- B) Apraxia da fala.
- C) Afasia sensorial.
- D) Apraxia bucofacial.

86. Queremos valorar a audición de Miguel (15 meses) utilizando unha técnica subxectiva condutual, que deberemos ter en conta?

- A) Que non será necesaria a participación activa do neno.
- B) Que require de dous exploradores.
- C) Que nos dará información ampla e obxectiva.
- D) Que será realizada polo neurofisiólogo.

87. Indica que función da linguaxe está presente cando un neno pregunta "por que?":

- A) Función imaxinativa.
- B) Función heurística.
- C) Función regulativa.
- D) Función persoal.

88. Para facilitar a mobilidade do veo do padal, podemos realizar actividades como:

- A) Boquear, gargarexar, articular sons velares.
- B) Elevar o beizo inferior e fregalo cara abaixo con forza.
- C) Afinar e ensanchar a lingua.
- D) Repetir /mam/ /mom/ /mum/ alongando a consoante final.

89. Sinale a resposta INCORRECTA nos programas de intervención no Trastorno do Espectro Autista:

- A) O ambiente debe ser estruturado.
- B) Procurar simplificar a tarefa en etapas.
- C) Fomentar a sobreestimulación sensorial.
- D) Apoiar a comunicación con soporte visual.

90. Que función da linguaxe predomina nesta produción: "Oe, ven aquí"?

- A) A referencial.
- B) A expresiva.
- C) A apelativa.
- D) A metalingüística.

91. Se lle pedimos a Benito, paciente adulto implantado, que nos vaia sinalando nunha listaxe de 10 palabras a que escoita, a medida que llas presentamos aleatoriamente por vía auditiva, estamos a levar a cabo unha tarefa de:

- A) Detección.
- B) Comprensión en formato pechado.
- C) Discriminación.
- D) Identificación.

92. Beatriz é unha muller de 75 anos derivada a consulta de logopedia por presbifonía, que característica esperaremos atopar na súa voz?

- A) Adecuada extensión vocal.
- B) Ausencia de fatiga durante a fonación.
- C) Timbre virilizado.
- D) Diminución da frecuencia respiratoria durante a fonación.

93. Segundo a Guía clínica sobre implantes cocleares de 2018 da SEORL, que criterio debe cumprir un bebé de 12 meses para ser candidato a colocación de implante coclear?

- A) Hipoacusia de transmisión bilateral moderada de segundo grao (56–70 dB).
- B) Hipoacusia neurosensorial unilateral, de severa (71–90 dB) a profunda (maior de 90 dB), en frecuencias conversacionais.
- C) Sen beneficio ou con mínimo beneficio con audiófonos, despois dun período de proba de 3–6 meses (a excepción de contraindicación).
- D) Hipoacusia neurosensorial bilateral moderada de segundo grao (56–70 dB) en frecuencias conversacionais.

94. No caso dun paciente con ELA, atendendo ao Proceso asistencial integrado de ELA do Sergas, que especialidade NON está integrada na atención en rehabilitación?

- A) Terapia ocupacional.
- B) Fisioterapia.
- C) Psicoloxía clínica.
- D) Atención nutricional.

95. Paula, derivada a logopedia, é unha paciente hipoacúsica con adaptación protésica bimodal desde hai 2 meses, o cal quere dicir que:

- A) Leva un implante coclear bilateral colocado de forma secuencial.
- B) Ten unha xordeira unilateral e só leva un implante coclear no oído afectado.
- C) Está a usar un sistema CROS (contralateral routing of signal).
- D) Leva un implante coclear nun oído e un audiófono no outro.

96. Valórase a un paciente de 70 anos que presenta un marcado déficit nominativo, con dificultade para achar o nome dos obxectos e que comeza a manifestar problemas de orientación. Esta deterioración foi paulatina. Achega un informe médico onde se suxire o diagnóstico de Enfermidade de Alzheimer (1ª Fase–GDS 3–4 deterioración leve). Sinala a resposta correcta:

- A) A intervención logopédica irá dirixida fundamentalmente a mellorar o acceso léxico–semántico.
- B) A intervención logopédica dirixirase fundamentalmente a paliar os fallos na pragmática (respecto de quendas conversacionais).
- C) A intervención logopédica terá como obxectivo instaurar o uso dun sistema aumentativo e/ou alternativo de comunicación.
- D) Nesta fase leve da enfermidade a intervención logopédica non está indicada.

97. Como logopedas, que parte do implante coclear non poderemos manipular?

- A) O procesador externo.
- B) A bobina.
- C) A antena.
- D) Os sistemas ou configuracións de alimentación.

98. Unha persoa con Afasia Progresiva Primaria non fluente presentará unha lesión na:

- A) Rexión témporo–parietal do hemisferio esquerdo.
- B) Rexión temporal anterior do hemisferio esquerdo.
- C) Rexión perisilviana esquerda na súa porción anterior.
- D) Rexión perisilviana dereita na súa porción anterior.

99. Indica que procedemento de referencia se emprega no seguinte caso "vin a vela":

- A) Referencia anafórica a un individuo.
- B) Referencia deíctica a un individuo.
- C) Referencia anafórica a un instante.
- D) Referencia deíctica a un intervalo de tempo.

100. A que trastorno corresponde a negativa persistente dun neno a falar ante determinados contextos ou persoas sen que existan alteracións na comprensión e expresión?

- A) Mutismo selectivo.
- B) Síndrome de Down.
- C) Afasia.
- D) Parafasia.

101. Estou a traballar a alimentación cun neno de 2 anos con síndrome conxénita neuromuscular que presenta protrusión lingual ao contacto do meu dedo na súa lingua, como reduzo a protrusión lingual, segundo o concepto Le Métayer?

- A) Efectúo unha presión cara abaixo cun dos meus dedos sobre a superficie da súa lingua.
- B) Efectúo unha presión cara arriba e adiante cun dos meus dedos baixo o chan da súa boca.
- C) Efectúo unha presión cara abaixo cun dos meus dedos á altura da súa articulación temporomandibular.
- D) Efectúo unha presión cara aos dentes cun dos meus dedos nos seus beizos.

102. Para formular unha oración, o primeiro é ter unha idea que se xera a través de conceptos no sistema semántico. Despois accédese ao léxico (procesamento léxico) e de forma paralela accédese ao verbo, ordénanse as palabras e elíxense os nexos (procesamento gramatical). En que rexión do cerebro ten lugar o procesamento léxico?

- A) Na área de Wernicke.
- B) Na área de Broca.
- C) No fascículo arqueado.
- D) Na área motora primaria.

103. Cal das estratexias posturais para o tratamento da disfaxia está indicada cando o paciente presenta un tránsito oral ineficiente e déficit na propulsión lingual do alimento?

- A) Flexión anterior do pescozo.
- B) Rotación da cabeza cara ao lado danado.
- C) Inclinación da cabeza cara ao lado danado.
- D) Elevación da cabeza cara atrás.

104. Estou realizando unha investigación para comprobar se a mellora na memoria de traballo dun grupo de pacientes con Trastorno Específico da Linguaxe conleva unha mellora na súa comprensión oral. Cal é a orde das fases do meu traballo científico?

- A) Introducción, resultados, material e métodos, e discusión.
- B) Introducción, discusión, resultados, e material e métodos.
- C) Introducción, material e métodos, resultados e discusión.
- D) Introducción, resultados, discusión, e material e métodos.

105. Estou visualizando unha videofluoroscopia da deglutición dun paciente e observo que parte do contraste deslizouse polas cordas aritenoepiglóticas ata quedar nos seos piriformes. De que fenómeno se trata?

- A) Aspiración.
- B) Penetración.
- C) Residuo.
- D) Regurxitación.

Preguntas de reserva

106. Atopámonos na terceira sesión de rehabilitación de Marina, paciente con parálise de corda vocal esquerda tras tiroidectomía. En que función da saúde pública e comunitaria se engloba esta actuación?

- A) Protección da saúde.
- B) Promoción da saúde individual.
- C) Asistencia primaria.
- D) Restauración da saúde.

107. Na intervención en atención temperá de nenos prematuros, aconséllase que a idade correxida se empregue só ata:

- A) Os 12 meses.
- B) Os 18 meses.
- C) Os 24 meses.
- D) Os 36 meses.

108. Na videofluoroscopia da deglutición dun paciente observo que hai unha apertura incompleta do esfínter esofáxico superior, que técnica de rehabilitación está indicada?

- A) EMST (Entrenamento de Forza Muscular Expiratoria).
- B) Manobra de Masako.
- C) Colocación posterior do alimento.
- D) Estimulación térmico-táctil.

109. Entre as actuacións dos logopedas nas fisuras labiopalatinas, atópanse:

- A) Indicar non iniciar alimentación con sólidos ata os 24 meses de idade.
- B) Indicar que a posición correcta do lactante para a alimentación debe ser o menos incorporada posible.
- C) Realizar masaxes sobre a cicatriz no postoperatorio de beizos.
- D) Aconsellar o uso de mamadeiras con orificios grandes no período precirúrxico.

110. Neste último ano estiven traballando con 6 pacientes con Covid-19 que presentaban disfaxia e vou expor nun traballo científico as alteracións na deglutición destes pacientes e a súa evolución. De que tipo de estudo se trata?

- A) Estudo experimental.
- B) Estudo de serie de casos.
- C) Estudo de casos e controis.
- D) Estudo de cohortes.